



**MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS**

**1. OBXECTO**

É obxecto do presente contrato o subministro e instalación dunha bomba de calor para a climatización do auditorio do Centro Municipal de Distrito (CMD) de Teis, así como de todos os compoñentes necesarios para a súa posta en funcionamento. Tamén comprende a desinstalación da bomba de calor actual aire-aire de climatización do teatro, e os compoñentes asociados á mesma. Debendo quedar esta instalación de climatización operativa e legalizada de acordo á normativa vixente de aplicación.

**2. PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN**

O orzamento base de licitación é de **56.628€** (IVE incluído de **9.828 €**).

Realizouse unha aproximación orzamentaria ao custo de prestación do servizo nun período de 2,50 meses obxecto do contrato, que se inclúe no presente expediente, no que se tiveron en conta os gastos estimados previsibles:

Conceptos valorados (custes do subministro e a súa instalación) que deberá ser desenvolvido a cargo do adxudicatario, de acordo co seguinte cadro:

○ <b>Bomba de calor:</b>	<b>43.000 €</b>
○ <b>Grúa de 40 toneladas (pluma)</b>	<b>2.000 €</b>
▪ <b>Beneficio industrial:</b>	<b>1.800 €</b>
▪ <b>21% Imposto do Valor Engadido</b>	<b>9.828 €</b>
▪ <b>Prezo total estimado</b>	<b>56.628 €</b>

Inclúense no prezo todos os conceptos referidos na cláusula 2 do PPT relativa ao alcance e descrición dos traballos (Subministro e instalación dunha bomba de calor, así coma de todos os compoñentes necesarios para a súa posta en funcionamento; desinstalación da bomba de calor actual aire-aire de climatización do teatro, e os compoñentes asociados á mesma, e os gastos xerados da montaxe e instalación da máquina e os seus compoñentes, como guindastres ou custos de ocupación da vía pública).

**b) Valor estimado (artigo 101 LCSP)**

O valor estimado do contrato é de **46.800 €**. Non se contemplan modificacións nin prórrogas.

**MÉTODO DE CÁLCULO:** Esta cantidade é o resultado de descontar o importe correspondente ao IVE (21%) ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais, sen incluír prórrogas nin modificacións por non estar previstas neste contrato.

**3. REVISIÓN DE PREZOS (artigo 103)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:12	Páxina 1 de 2
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAFA1-5DEA22-D3E3E6-9U3Z1D-CM4VXZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Non procede a revisión de prezos.

#### 4. FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL

O prezo do contrato de **56.628 €** (IVE incluído de **9.828 €**) imputarase á aplicación orzamentaria seguinte: 9240.6330000 “Climatización CMD Teis” dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo do ano 2022.

O contrato non supón desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e por tanto non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

#### 5. REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pago realizarase previa presentación de factura pola adxudicataria e será conformada polo responsable de contrato unha vez comprobada a veracidade do subministro e instalación previstos na cláusula 2 do PPT,

Na data da sinatura electrónica

A técnica de Administración Xeral (Resolución de Atribución Temporal de Funcións do 25/11/2021).-  
Carla Candia Paz

Conforme:

O concelleiro de Participación Cidadá e Festas.- Pablo Estévez Rodríguez

O concelleiro de Orzamentos e Facenda – Jaime Aneiros Pereira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:12	Páxina 2 de 2
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAFA1-5DEA22-D3E3E6-9U3Z1D-CM4VXZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		